

## **MEMORIA ABREVIADA**

**EXERCICIO 2022**

Data de peche:31.12.2022

FUNDACIÓN EU SON

Nº DE REXISTRO: 1997/10

CIF: G27222983

**A SECRETARIA**

**Vº e Pr. O PRESIDENTE**

## 1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

1.1 A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:

Proporcionar asistencia social a persoas con discapacidade intelectual en idade laboral cuxa discapacidade temporal ou permanente lles impida a súa integración nunha empresa ou nun Centro Especial de Emprego, prestando funcións tutelares, asistenciais, ocupacionais e en xeral calquera tipo de actividades formativas ou educacionais tendentes a mellorar a calidade de vida das persoas beneficiarias e familias.

1.2 As actividades realizadas no exercicio foron:

- *Xestión do Centro Ocupacional*
- *Xestión do Centro de Día.*

A fundación ten o seu domicilio social en C/ Eijo Garay nº20 Burela- Lugo

1.3 As actividades desenvólvense nos seguintes lugares:

Centro Ocupacional: C/ Suafonte nº47 baixos Burela- Lugo  
Centro de Día: C/ Suafonte nº47 Portal 3 Burela- Lugo

## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe fiel:

As contas anuais preparáronse cos rexistros contables, aplicáronse as disposicións legais vixentes en materia contable e reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

b) Principios contables non obrigatorios aplicados:

Non foi precisa a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios.

c) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

Na elaboración das contas anuais correspondentes ó exercicio 2019 determínanse estimacións e hipóteses en función da información da que se dispón. É posible que acontecementos futuros obriguen a modificalas á alza ou á baixa nos vindeiros exercicios o que se faría recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais.

d) Comparación da información:

É posible realizar unha comparación directa da información con exercicios pasados dado que o cambio de Plan de aplicación derivado da publicación do PGC das fundacións foi no exercicio 2012. Non existe ningunha causa que impida a comparación da información dos estados financeiros de varios exercicios.

e) Agrupación de partidas:

Non existen partidas que no balance ou na conta de resultados foran obxecto de agrupación.

f) Elementos recollidos en varias partidas:

Non existen elementos patrimoniais do Activo e do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance.

g) Cambios en criterios contables:

No presente exercicio, non se teñen realizado cambios nos criterios contables dos marcados no Plan General Contable.

h) Corrección de erros:

Non se detectaron erros ó peche do exercicio que obriguen a reformular as contas. Os feitos coñecidos con posterioridade ó peche, que puideran aconsellar axustes nas estimacións de peche do exercicio comentaranse, de existiren, nos apartados correspondentes.

**3. EXCEDENTE DO EXERCICIO**

3.1. O resultado do exercicio é positivo en 44.739.09 €

3.2. Proposta de aplicación do excedente:

<u>Base de repartición</u>	<u>Importe</u>
Excedente do exercicio.....	44.739,09
Remanente.....	
Reservas voluntarias.....	
Reservas para cumprimento de fins aplicadas no exercicio.....	
Total.....	44.739,09

<u>Aplicación</u>	<u>Importe</u>
A dotación fundacional.....	
A reservas especiais.....	
A reservas voluntarias.....	44.739,09
A reserva para cumprimento de fins.....	
A compensar resultados negativos de exercicios anteriores....	
Total.....	44.739,09

**4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**a) Inmovilizado intanxible:

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custe de adquisición ou produción. Amortízanse en función da vida útil que dependerá da natureza de cada un deles.

b) Inmovilizado material

Os activos materiais valóranse polo seu prezo de adquisición ou custe de produción, minorado polas amortizacións ou perdas de valor coñecidas. O prezo de adquisición inclúe os gastos adicionais ata a posta en funcionamento do ben.

Os custes de ampliación, substitución ou renovación que aumentan a vida útil do ben ou a súa capacidade económica, contabilízanse como maior importe. Os gastos de mantemento, conservación e reparación impútanse a resultados, como gasto do exercicio no que se realizan.

Non se produciron no exercicio traballos de ampliación, modernización ou mellora do inmovilizado.  
Non se realizaron traballos para o inmovilizado.

As amortizacións establécense de maneira sistemática en función da vida útil estimada dos bens e do seu valor residual atendendo á depreciación que sofren polo seu funcionamento normal. A amortización realízase de forma lineal.

c) Investimentos inmobiliarios:

Non existen en balance.

d) Bens do patrimonio histórico:

Non existen en balance.

e) Arrendamentos:

Non existen no exercicio.

f) Permutas:

Non se produciu ningunha permuta no exercicio

g) Instrumentos financeiros:

Clasifícanse nas seguintes categorías:

1.- A custe amortizado: Valóranse polo seu custe que inicialmente equivale ó valor razoable da contraprestación entregada máis os custes da transacción que lle son atribuíbles. Estes últimos poderán rexistrarse na conta de explotación no momento do seu recoñecemento inicial.

Se houbera créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan un tipo de xuro contractual, os anticipos ó persoal, as fianzas, etc valóranse polo seu nominal.

Ó peche do exercicio, de existiren evidencias de deterioro, fanse as correccións valorativas precisas. A perda por deterioro é a diferenza entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de caixa futuros que se estima van xerar, descontados ó tipo de xuro efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial. Tamén se usa o valor de cotización se é fiable. As correccións valorativas por deterioro ou a súa reversión recoñécense como gasto ou ingreso do exercicio.

2.- Activos mantidos para negociar: Valóranse inicialmente a custe. Os custes de transacción recoñécense na conta de explotación. Forman parte da valoración inicial o importe dos dereitos de subscripción e similares que, no seu caso, se teñan adquirido. Os cambios de valor razoable impútanse ó exercicio.

3.- Activos financeiros a custe. Valóranse a custe, que equivale ó valor razoable da contraprestación entregada máis os custes de transacción atribuíbles. Forman parte da valoración inicial o importe dos dereitos de subscripción e similares que, no seu caso, se teñan adquirido. Os cambios de valor razoable impútanse ó exercicio.

Os pasivos financeiros clasifícanse nas seguintes categorías:

1.- A custe amortizado: Valóranse polo seu custe que inicialmente equivale ó valor razoable da contraprestación recibida axustada cos custes da transacción que lle son atribuíbles. Estes últimos poderán rexistrarse na conta de explotación no momento do seu recoñecemento inicial. Ó peche do exercicio, de existiren evidencias de diferencias de valor, fanse as correccións valorativas precisas.

2.- Pasivos financeiros mantidos para negociar: Utilízanse os mesmos criterios ca os indicados para os activos.

h) Existencias:

Valóranse polo seu prezo de adquisición ou custe de produción. Se precisan de máis dun ano para estar en condicións de ser vendidas inclúese no seu valor a carga financeira correspondente.

Cando o valor neto realizable sexa inferior ó seu prezo de adquisición ou custe de produción fanse as correspondentes correccións valorativas. O valor neto representa a estimación do prezo de venda menos os custes precisos para os procesos de venda.

i) Transaccións en moeda estranxeira:

Non houbo no exercicio transaccións en moeda extranxeira.

j) Impostos sobre beneficios:

O gasto por imposto de beneficios representa a suma do gasto por imposto do exercicio e o efecto das variacións dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais.

O gasto por imposto calcúlase mediante a aplicación do tipo do imposto de aplicación sobre a base, aplicando as deducións admisibles e as variacións por impostos anticipados ou diferidos e os créditos fiscais.

Os activos e pasivos por imposto diferido inclúen as diferencias temporais e as bases negativas pendentes de compensación. O mesmo criterio para os pasivos por impostos diferidos.

En cada peche contable revísanse os impostos diferidos rexistrados, tanto activos como pasivos, para comprobar que seguen viventes e realizando as correspondentes correccións de acordo co resultado da análise.

k) Ingresos e gastos:

Os ingresos e gastos impútanse en función do "principio de devengo": cando se produce a corrente real de bens e servizos que representan con independencia de cando se produza a corrente monetaria. Os ingresos calcúlanse polo valor razoábel da contraprestación a recibir e representas os importes a cobrar polos bens entregados ou servizos prestados no contexto ordinario da actividade.

Para os ingresos por xuros séguese o criterio financeiro temporal.

Os ingresos valóranse polo importe realmente recibido e os gastos polo custe de adquisición.

l) Provisións e continxencias:

As contas anuais recollen tódalas provisións significativas nas que é maior a probabilidade de que haxa que atender a obriga. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que produzan obrigas futuras. Cuantifícanse tendo en conta a mellor información de que se dispoña sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con cada peche contable. Empréganse para afrontar as obrigas para as que foron recoñecidas e revértense total ou parcialmente cando as obrigas deixan de existir ou diminúen.

m) Elementos patrimoniais de natureza ambiental:

Non existen en contabilidade tais elementos.

n) Gastos de persoal:

Inclúen os soldos e obrigas de orde social obrigatorias ou voluntarias de cada momento xunto coas pagas extras, vacacións ou soldos variables e gastos asociados.

o) Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ó patrimonio neto e recoñécense na conta de explotación como ingresos sobre unha base sistemática e de forma proporcional ós gastos ou amortización derivados do activo subvencionado. Cando subvencionan gastos son recollidos na conta de explotación.

As que teñan carácter reintegrable contabilízanse como pasivos en tanto non perdan tal condición.

p) Fusións entre entidades non lucrativas:

Non existiron neste exercicio.

q) Combinacións de negocios:

Non se realizaron operación desta natureza.

r) Negocios conxuntos:

Non se realizou ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra entidade ou persoa.

s) Transaccións entre partes vinculadas:

As transaccións entre partes vinculadas, como vendas a membros do padroado da fundación, rexístranse polo seu prezo que é o de mercado.

**5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.**

5.1. O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio, foi o seguinte:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmovilizado material	280.323,21	15.243,58		295.566,79
Inmovilizado intanxible				
Investimentos inmobiliarios				
<b>TOTAIS</b>	<b>280.323,21</b>	<b>15.243,58</b>		<b>295.566,79</b>

Amortizacións:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmovilizado material	122.814,00	9.134,22		131.948,22
Inmovilizado intanxible				
Investimentos inmobiliarios				
<b>TOTAIS</b>	<b>122.814,00</b>	<b>9.134,22</b>		<b>131.948,22</b>

Correccións valorativas por deterioración: Non hai  
Detalle de investimentos inmobiliarios: Non hai

A Fundación exerce a súa actividade en locais cedidos polo Concello de Burela.

5.2. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar sobre activos non correntes: Non hai

**6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO**

Non hai movemento das partidas do patrimonio histórico, a Fundación non é titular de ningún ben que poida ser catalogado como tal.

**A SECRETARIA**

**Vº e Pr. O PRESIDENTE**

**7. ACTIVOS FINANCIEROS**

Non hai activos financeiros que deban ser obxecto de información

EMPRESAS DO GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS:

Non existen empresas de grupo, multigrupo ou asociadas.

**USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA**

	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
Outros debedores	27.397,22	371.932,61	364.756,87	34.572,96
<b>TOTAL</b>	<b>27.397,22</b>	<b>371.932,61</b>	<b>364.756,87</b>	<b>34.572,96</b>

**8. PASIVOS FINANCIEROS**

Non hai pasivos financeiros que deban ser obxecto de información

**9. FONDOS PROPIOS**

A composición dos fondos propios e do patrimonio neto no inicio do exercicio é a seguinte:

<i>Descripción</i>	<i>Saldo Inicial</i>
Fondo Social	15.286,38
Reservas	339.402,21
<b>Fondos propios</b>	<b>354.688,59</b>
Subvencións	122.826,59
<b>Patrimonio Neto</b>	<b>477.515,18</b>

**10. SITUACIÓN FISCAL****10.1. Imposto sobre beneficios**

O réxime fiscal aplicable á entidade é o de parcialmente exento polas actividades fundacionais.

A información esixida pola lexislación fiscal para gozar da cualificación de entidade sen fins lucrativos para os efectos da Lei 49/2002 inclúese nesta memoria.

**10.2. Outros tributos**

Recóllense na partidas doutros tributos os pagos por aqueles dos que non está exenta a Fundación. En concreto recóllese o pago do IVTM e de taxas.

**A SECRETARIA**

**Vº e Pr. O PRESIDENTE**

**11. INGRESOS E GASTOS**

Desagregación da partida 2.a) da conta de resultados "Axudas monetarias", distinguindo por actividades e incluíndo os reintegros: Non existen

Desagregación da partida 2.b) da conta de resultados "Axudas non monetarias", distinguindo por actividades e incluíndo os reintegros: Non existen

Detalle da partida 2.c) da conta de resultados "Gastos por colaboracións e do órgano de goberno": Non existen

Detalle da partida 5. da conta de resultados "Aprovisionamentos":

	Compras nacionais	Adquisicións intracomunitarias	Importacións	Variación existencias
Bens destinados á actividade				
Materias primas e outras mat consum.	10.791,64			

Detalle da partida 7 da conta de resultados "Gastos de persoal":

	Importe
Soldos e salarios	208.046,22
S.S. a cargo da empresa	64.613,53
Dotacións para pensións	
Indemnizacións	
Outras cargas sociais	693,64
<b>TOTAL</b>	<b>273.353,39</b>

Detalle da partida 8 da conta de resultados "Outros gastos da actividade".

	Importe
Reparacións e conservación	2.560,19
Servizos de profesionais	5.646,53
Transportes	46.847,60
Seguros	2.705,14
Comisións bancarias	307,12
Subministros	6.865,89
Outros Servizos	56.749,13
Outros Tributos	243,50
Falidos	
<b>TOTAL</b>	<b>122.183,98</b>

**A SECRETARIA**

**Vº e Pr. O PRESIDENTE**



**12. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS**

Detalle das subvencións, doazóns e legados recibidos no exercicio e dos recibidos en exercicios anteriores que non foron totalmente imputados a resultados:

Ano concesión	Órgano/Entidade concedente	Finalidade	Importe total concedido	Imputado a resultados exercicios anteriores	Imputado a resultados do exercicio	Pendente de imputar
2022	Xunta	Programas cooperación	69.777,00	0	69.777,00	0
2022	Deputación	Mantemento Centro Dia	2.000,00	0	2.000,00	0
2022	Deputación	Teatro	500,00	0	500,00	0
2022	Concello Burela	Funcionamento	1.800,00	0	1.800,00	0
2022	Fademga	Inclusión	4.758,81	0	4.758,81	0
2022	Fademga	Incremento Salarial	3.394,37	0	3.394,37	0
2022	Fademga	Persoal	2.534,39	0	2.534,39	0
2022	Estado	Combustible	279,48	0	279,48	0
2022	Sepe	formación	840,00	0	840,00	0
2022	Fundacion Alcoa	Funcionamento	3.000,00	0	3.000,00	0
2019	La Caixa	Ordenadores	4.772,25	2.727,00	1.363,5	681,75
2018	La Caixa	Obras Reforma	12.000,00	960,00	240	10.800,00
2016	La Caixa	Adquisición vehículo	8.000,00	0	0	8.000,00
2009	Varios		148.786,34	54.218,84	6.024,76	88.542,74
2020	La Caixa	Reforma CO	2.439,18	265,34	208,79	1.965,05
2021	La Caixa	Maquinaria	5.000,00	0	0	5.000,00
2022	La Caixa	Taller Serigrafia	13.000,00	0	256,43	12.743,57

Análise das partidas de balance:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas (devolucións)	Imputado a resultados	Saldo final
Subvencións	102.567,50			6.024,76	96.542,74
Doazóns	20.259,09	13.000,00		2.068,72	31.190,37
Legados					

**A SECRETARIA**

**Vº e Pr. O PRESIDENTE**

O importe maior das subvencións que aparecen no patrimonio neto da entidade está vinculado á adecuación do local cedido para a súa utilización como centro de día e imputarase proporcionalmente á conta de resultados en función dos anos durante os que é preciso o cumprimento dos requisitos para a súa concesión e á amortización do inmovilizado subvencionado. Iniciouse a imputación a resultados no exercicio 2014, primeiro no que o centro de día funcionou con regularidade todo o ano.

### 13. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

#### 13.1. Actividade da entidade

Os obxectivos principais para o 2022:

##### - CONCERTAR PRAZAS PARA CENTRO DE DÍA

Durante o 2022 non se concertaron as prazas de centro de día pero mantivéronse reunións e comunicados constantes coa Administración. O concerto de prazas está previsto para 2023 unha vez se poña en marcha o concerto social.

##### - CONTINUAR TRÁMITES PARA PROXECTO RESIDENCIA/VIVENDAS

- Realización de trámites para a compra de terrenos por parte do Concello de Burela. Aprobación en Pleno da compra e cesión da finca para a posterior construción da Unidade Residencial.
- Difusión pública en medios de comunicación das accións realizadas ao respecto por parte do Concello de Burela
- Creación de Asociación Apertas ( Asociación de familias, persoas de apoio e amigos/as das persoas con discapacidade intelectual de Burela- A Mariña). Esta Asociación créase co obxectivo prioritario de traballar en coordinación co Concello de Burela e a Fundación Eu Son para o proxecto de contrución de Unidade Residencial en Burela

##### -MELLORAR A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DA ENTIDADE ( PÁXINA WEB, VENTA ONLINE, REDES SOCIAIS...)

- Creación de páxina Web de venta online: [www.ceramicaeuson.es](http://www.ceramicaeuson.es)
- Continuar de forma activa nas redes sociais

#### I. Actividades realizadas

##### ACTIVIDADE 1

##### A) Identificación.

Denominación da actividade	Centro Ocupacional
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	A/07
Lugar de desenvolvemento da actividade	Burela

**Descrición detallada da actividade realizada.**

Xestión do Centro Ocupacional durante do 2022

**Usuarios/as Atendidos:**

- Perfil: Persoas con discapacidade intelectual con necesidade de apoio límite e intermitente da comarca da mariña de Lugo.

- Número: 37

**Grado de Atención**

Tódolos usuarios/as reciben unha atención integral adaptada as necesidades individuais.

**Recursos Humanos**

- Persoal Fixo: 4 ( dous profesores de taller, unha mestra en audición e linguaxe, 1 directora-psicóloga, esta última compartida con centro de día).

- Persoal eventual: 4 (1 Educadoras Sociais propia e 1 educadora social, 1 coidadora e 1 deseñadora gráfica compartida co Centro de Día).

- Voluntarios: 6 persoas

- Programa de formación: 1
- Programa de Ocio e tempo libre: 3
- Programa de actividades físico- deportivas: 2

**Recursos Materiais**

- Instalacións: O centro ocupacional está sito nuns baixos cedidos polo Concello de Burela. Actualmente conta con tres aulas taller equipadas con maquinaria necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, unha oficina, dúas salas de ocio e tv, sala de cardio, un comedor, despacho de axuste persoal e baños.

En 2014 asinase convenio de cesión en precario dun terreo para a colocación dun invernadoiro co fin de poñer a funcionar o "Obradoiro de Horticultura " do Centro Ocupacional.

- Vehículos: conta con unha furgoneta da súa propiedade e unha cedida e compartida coa Asociación de Pais.

**Funcionamento:**

- Calendario: O centro ocupacional prestou servizo 220 días durante o ano 2022 segundo calendario laboral.

- Horario: o Centro Ocupacional prestou servizo de luns a venres de 9:00h- 18:00h ( de 11:00h-18:00 h atención directa a usuarios/as), excepto mes de xullo onde o horario foi de 9:00h-15:00h ( de 10:00-15:00h atención directa a usuarios/as).

**Mantemento do servizo**

- Contrato de prestación de servizos coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para ao mantemento do centro ocupacional.

- Copago de usuarios/as

- Venta de produtos elaborados nos obradoiros

- Donativos

- Subvencións

PUBLICAS**CONCELLO DE BURELA**

- ✓ Cesión de locais onde se atopa o Centro Ocupacional e mantemento das súas instalacións: limpeza, electricidade, auga...
- ✓ Colaboración do Centro de Educación Medioambiental "GAIA": programa de actividades relacionadas co medioambiente.
- ✓ Cesión de instalacións de pavillón para o desenvolvemento das sesións de actividade físico deportiva.

**DEPUTACIÓN DE LUGO**

- Vicepresidencia Primeira. Área de Cultura: 1.100 €
  - ✓ Proxecto "Eu Son co Teatro"

**XUNTA DE GALICIA**

- Consellería de Política Social
  - ✓ "Contrato de Prestación de Servizos para o mantemento do Centro Ocupacional": 187.582,66€
  - ✓ Convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF e imposto de sociedades: Equipamento de Centro Ocupacional: 8.329,72€.
  - ✓ "Axudas para a concesión de subvencións destinadas á adquisición de vehículo que facilite a prestación de servizos a persoas dependentes ou PDI por entidades de iniciativa social da CCAA de Galicia ao abeiro do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola UE-NextgenerationEU: 32.356,73€
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
  - Programas de Cooperación: contratación de dúas educadoras socias, unha coidadora e unha deseñadora gráfica: 69.777€ ( compartidas con Centro de Día)
  - PRIVADAS

➤ **FUNDACIÓN LA CAIXA**

- **Oficina La Caixa de Burela:** "Pobreza Enerxética: Un obstáculo para o avance e a calidade de vida": 5.000 €
- **Convocatoria Proxectos Sociais Galicia 2022:** " Estampando momentos": Formación prelaboral como mellora da autonomía persoal e social das persoas con discapacidade intelectual": 10.000 €

➤ **FUNDACIÓN ALCOA**

- ✓ Plan Acción: " Elaboración de bolsas de papel con material reciclado": 3.000€

- Convenios

**Colaboracións Económicas**

- Fademga Plena Inclusión Galicia: convenio de Control da Aplicación do Convenio de colaboración asinado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e FADEMGA Plena Inclusión Galicia par ao financiamento dos programas de atención a PDI ou do desenvolvemento e as súas familias e do mantemento a FADEMGA Plena e das súas entidades federadas para o exercicio 2022": 9.148€

➤

- Fademga Plena Inclusión Galicia: convenio control de aplicación da resolución individual da Consellería de Política Social e xuventude de concesión dunha subvención directa á Entidade FADEMGGA Plena Inclusión Galicia para o financiamento das actualizacións salarialis par ao exercicio 2022 derivadas do XV Convenio Colectivo general de centros e servizos de atención a PDI”: 5.839,27€.

#### **Liñas de actuación**

##### **1.- Formación e Orientación Prelaboral das Persoas con Discapacidade Intelectual:**

Durante o 2022 seguíronse mantendo os grupos burbulla, consecuencia do Plan de Actuación elaborado como consecuencia da situación sanitaria ocasionada pola COVID-19.

- Obradoiro de Cerámica: un total de 11 persoas participaron de forma continuada neste obradoiro.
- Obradoiro de Horticultura e Xardinería: un total de 14 usuarios/as en horario de mañana, participación continua a lo largo del año.
- Obradoiro de Manipulado e serigrafía: Un total de 12 persoas participan de forma continuada neste obradoiro.

##### **2.- Realización e Integración Persoal e Social das Persoas con Discapacidade Intelectual**

###### **a) Programas – Talleres e Actividade**

- Programa Habilidades Adaptativas: 35 usuarios/as
- Programa de Autonomía na Cidade: 12 usuarios/as
- Programa de NTICs:10 usuarios/as
- Programa de Comunicación: 9 usuarios/as
- Programa de Estimulación Cognitiva: 19 usuarios/as
- Programa AVDs: sesións de tarefas de limpeza do obradoiro de cerámica

###### **b) Proxectos e Xornadas de Formación Fademga Plena Inclusión Galicia e Special Olympics Galicia**

- Programa Pensamento Libre: 2 usuarios/as
- Programa “O recuncho dos sabios”: 6 usuarios/as
- Programa “Encontro de mulleres con DI”: 3 usuarias

###### **c) Programas e Actividades de Ocio e Tempo Libre**

- Paseos: 37 usuarios/as
- Celebracións: 37 usuarios/as
- Campamentos de Verán: 13 usuarios/as
- Actividade de Surf: 13 usuarios/as
- Resukids: 9 usuarios/as
- Asistencia como público á Final Copa Junior Fútbol Sala: 15 usuarios/as
- Colaboración na realización das Alfombras Florais Festas de Burela: 6 usuarios/as

- Actividades de ocio mes de xullo: 36 usuarios/as
- Actividade de Canoas (Barqueiro): 12 usuarios/as
- Paseo solidario "Alas de Vida": 6 usuarios/as
- Obradoiro de Elaboración de Adornos de Nadal: 3 usuarios/as
- Obradoiro de cociña de galletas de nadal: 3 usuarios/as
- Convivencia Villancicos de Nadal CEIP Vista Alegre: 35 usuarios/as
- 

### 3.- Mellora da saúde física, emocional, cognitiva e condutual das Persoas con Discapacidade Intelectual

- Servizo de Rehabilitación Funcional
  - Servizo Psicología
    - Programa Envellecemento Activo: 10 usuarios/as
    - Programa de Estimulación Cognitivo: 19 usuarios/as
- Programa Educación Saúde e Hábitos Saudables
  - Control Peso: 37 usuarios/as
  - Control e Administración da medicación: 26 usuarios/as
  - Hábitos de vida saudable: 37 usuarios/as
- Programa de Boas Prácticas Medioambientais: 37 usuarios/as
- Programa de Actividades Físico-deportivas
  - Terapia psicomotriz: 8 usuarios/as
  - Exercicio Caridovascular: 32 usuarios/as
- Liga Genuine CD Lugo: 6 usuarios/as
  - Entrenamentos en Lugo: 12
  - Torneos/ xornadas: 5

### 4.- Mellorar a calidade de vida das familias e potenciar a súa participación

- Número de comunicacións con familias: 366
- Formación Familiares:
  - Actividade de formación: Observación de condutas que nos preocupan en TEA
- Programa de Respiro Familiar: 4 tunos
  - Respiro en Burela: 1 usuario
  - Respiro en Villamaior: 1 usuario.
  - Respiro en Santiago: 1 usuario

## 5.- Promover accións de visibilidade, difusión e sensibilidade na comunidade

- Grupo Teatro
- Grupo de Música “Eu Son Band”
- Calendario Solidario
- Programa Aténdeme- Enténdeme

ACTIVIDADES PAUSADAS DURANTE O 2022 POR COVID-19

- **Programa Alumnos en Prácticas**

- Ciclo formativo de grao medio en atención a persoas en situación de dependencia (CEIP Porta da Auga-Ribadeo): 1
- Ciclo formativo de grao medio en cuidados auxiliares de enfermería (IES Monte Castelo- Burela): 1
- Ciclo formativo FP Básica en informática de oficina (IES Marqués de Sargadelos- San Cibrao): 1
- Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (convenio colaboración prácticas Deputación de Lugo): 2
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Academia A Mariña- Burela):4

- **Actividade Colaborativas e Campañas divulgativas**

- 8 M: Manifesto e conmemoración día da Muller:21 usuarios/as
- VIII concurso de Lemas: 21 de abril Día internacional en contra da discriminación racial: 5 usuarios/as
- Día Mundial dos Océanos: 11 usuarios/as
- Plan Acción Alcoa: elaboración de bolsas de papel reciclado: 11 usuarios/as
- Semana da mobilidade: circuíto educación vial
- Elaboración de material para Exposición 25-N violencia de xénero, Centro de Saude de Burela: 13 usuarios/as
- Campaña “Día Internacional da Discapacidade”
